

MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A TRAMITACIÓN DO CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE DEFENSA E A XUNTA DE GALICIA PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS EN GALICIA DURANTE A CAMPAÑA DE 2022 (83/22-I)

Competencias

O Decreto 149/2018, do 5 de decembro, establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural. Este decreto foi modificado polo Decreto 114/2021, do 22 de xullo; polo Decreto 56/2022, do 21 de abril e polo Decreto 109/2022, do 16 de xuño.

A Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración galega ao que, baixo a superior dirección da persoa titular do departamento, correspóndelle propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias agroalimentarias e forestais, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo coas competencias atribuídas á Comunidade Autónoma nos artigos 27.10 e 11 do Estatuto de Autonomía de Galicia e demais normativa de aplicación. Entre as funcións atribuídas está a coordinación dos medios necesarios para acadar os obxectivos que a consellería se fixe.

Obxectivo

O obxectivo deste convenio é reforzar o operativo de prevención de incendios forestais en Galicia durante a época de perigo alto de incendios do ano 2022, tal e como se contempla no Plan de detección, disuasión e investigación do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga).

Ao abeiro deste convenio realizarase o despregue con misións de vixilancia e disuasión de 30 patrullas militares terrestres, dous equipos de mantemento móbil e a posibilidade de despregue de capacidades de vixilancia de vehículos aéreos non tripulados (RPAS).

Así mesmo contéplase a posibilidade de aumentar a dotación de recursos cando a valoración dos parámetros que determinan o risco de incendios así o aconselle, a través dunha addenda elaborada a tal efecto.





Antecedentes

Dende o ano 1999 o Ministerio de Defensa e a Xunta de Galicia colaboran na prevención de incendios mediante o emprego de unidades militares. Esta colaboración, en virtude dos bos resultados acadados, mantívose ata setembro de 2005 a través de renovacións anuais.

Os incendios producidos en Galicia durante os meses de xullo e agosto de 2006 constituíron unha catástrofe de singulares dimensións que se estendeu por boa parte do territorio da Comunidade Autónoma e, especialmente, polas provincias da Coruña e Pontevedra. Estes incendios, que afectaron non só ao medio natural senón tamén ás vías de comunicación e á contorna urbana, revelaron a necesidade de contar con medios adicionais para facer fronte a este tipo de situacións, así como de incrementar a colaboración entre as diversas administracións públicas.

Neste marco, a Xunta de Galicia e a Administración Xeral do Estado, considerando necesaria a citada colaboración das administracións públicas e a achega de recursos adicionais en materia de loita contra incendios forestais, así como unha axeitada coordinación para asegurar a eficacia dos devanditos medios, subscribiron un Protocolo de actuación na época de perigo alto de incendios forestais do ano 2007 entre a Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia, ao que acompañaban como anexo un Programa de achega de medios e efectivos de forzas e corpos de seguridade do Estado e das Forzas Armadas para a prevención, apoio á extinción e extinción dos incendios forestais en Galicia. O dito programa, en relación coa prevención de incendios forestais, prevía unha achega de recursos militares articulada en tres niveis de esforzo, vinculados á gravidade da situación en cada momento.

Derivado do documento anterior e co fin de concretar os aspectos operativos e económicos da colaboración, o Ministerio de Defensa e a Xunta de Galicia subscribiron un convenio de colaboración para a actuación das Forzas Armadas na prevención de incendios forestais en Galicia durante a época de perigo alto de incendios forestais do ano 2007 que se desenvolveu de acordo co previsto e a plena satisfacción de ambas as dúas partes. Por iso durante as épocas de perigo alto de incendios forestais dos anos 2008 a 2021, asináronse novos convenios de colaboración con este mesmo fin.

Ante os bos resultados obtidos, tanto a Xunta de Galicia coma o Ministerio de Defensa decidiron reeditar o dito convenio de colaboración un ano máis co fin de integrar a acción das Forzas Armadas dentro do dispositivo xeral de prevención e loita contra incendios forestais nesa Comunidade Autónoma para a época de perigo alto de incendios forestais do ano 2022.





Aspectos operativos do convenio

En relación cos aspectos operativos o Ministerio de Defensa, durante a época de perigo alto de incendios forestais en Galicia, comprométese a levar a cabo os despregues operativos de patrullas terrestres, con misións de vixilancia e disuasión, compostas por militares sobre vehículo e medios aéreos, de acordo cos seguintes niveis de risco:

1. *Risco Medio*: Coincidirá cunha situación de normalidade; leva consigo o despregue de 30 patrullas terrestres e 2 equipos de mantemento móbil, así como a posibilidade de despregue de capacidades de vixilancia RPAS. O período de activación vai dente o 15 de agosto ao 30 de setembro, ambos os incluídos. Durante a primeira quincena do mes de agosto levarase a cabo a Fase de recoñecemento. As zonas de vixilancia e actuación preferente das patrullas terrestres inicialmente serán as que se detallan no anexo I do convenio, aínda que poderán ser modificadas, de común acordo entre as partes e en función das necesidades operativas, variando o esforzo de patrullas en cada zona, para adaptalas ás distintas situacións que se poidan producir no transcurso do período de vixencia deste documento.
2. *Risco alto*: O nivel de risco alto poderase activar cando a valoración dos parámetros que determinen o risco de incendio o aconselle. A activación deste nivel de risco será solicitada ao Ministerio de Defensa pola Xunta de Galicia. Despregaranse ata un máximo de 50 patrullas e 1 helicóptero de vixilancia no conxunto de Galicia.
3. *Risco moi alto*: O nivel de risco moi alto poderase activar cando a valoración dos parámetros que determinen o risco de incendio o aconselle. A activación deste nivel de risco será solicitada ao Ministerio de Defensa pola Xunta de Galicia. Despregaranse ata un máximo de 75 patrullas e 2 helicópteros de vixilancia no conxunto de Galicia.

O número de helicópteros que se despregue en cada caso estará suxeito a dispoñibilidade destes medios aéreos.

Xustificación da exclusión do ámbito de aplicación da Lei de contratos do sector público

Segundo o disposto no apartado 2 do artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, deberase xustificar o emprego da figura do convenio de colaboración nunha memoria que deberá facerse pública.

A Consellería do Medio Rural está interesada en colaborar co Ministerio de Defensa para o emprego de recursos militares na prevención de incendios forestais. A grande capacidade de despregue de medios, tanto persoais coma materiais, que posúen os corpos de seguridade do Estado, pertencentes ao Ministerio de Defensa, fan deste organismo o único competente e con garantías para desenvolver as accións que constitúen o obxecto do convenio de colaboración a asinar.





Con este convenio preténdese vixiar e identificar aos potenciais axentes causantes de incendios forestais, ao mesmo tempo que a propia presenza dos medios militares no entorno forestal os disuada da provocación dos mesmos. Para isto é necesario acadar no noso entorno forestal unha alta concentración de persoal cualificado e equipado axeitadamente, que dispoña do coñecemento e das ferramentas necesarias para desenvolver tarefas de vixilancia. Ademais, este convenio tamén recolle o aumento da dotación de recursos en caso de situacións de emerxencia nas que sexa necesario incrementar a intensidade da vixilancia sobre o terreo. É fundamental, por tanto, dispor de dotacións de medios persoais e materiais en cantidades elevadas e con gran rapidez e efectividade.

Estas circunstancias fan que o convenio de colaboración sexa a figura máis axeitada para a realización desta actividade, e que o Ministerio de Defensa sexa a única entidade adecuada para o desenvolvemento das accións das que é obxecto.

Dada a especificidade das accións, o obxecto do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Ministerio de Defensa queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, de conformidade co establecido no artigo 4 desa norma.

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

O director xeral de Defensa do Monte
Manuel Rodríguez Vázquez

